

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizáns

outubro 2017 / xuño 2018 - Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

6^a EDICIÓN!

DOSSIER INFORMATIVO

**+ de 200 persoas formadas en
edicións anteriores!**

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

► introducción

A facilitación é o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas para crear as condicións que permitan un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais. Nun grupo non só temos reunións e tomas de decisións senón que hai outros espazos de participación igualmente importantes; a creatividade, a cohesión grupal, o espazo emocional do grupo e de resolución de conflitos. Cada un deles require de habilidades e técnicas diferentes para ser xestionado, asegurar o bo funcionamento do grupo e que a diversidade inherente a calquera grupo sume en vez de restar.



► dirixido a

Educadoras/es, facilitadoras/es, mediadoras/es, emprendedoras/es sociais, xestores, activistas sociais, animadores/as socioculturais, participantes de organizacións interesadas en mellorar o seu funcionamento grupal ou en como facilitar cambios positivos e satisfactorios nas súas organizacións, grupos ou comunidades, dunha forma participativa, innovadora e potenciando a diversidade.

► interésache se

- parte do teu tempo o pasas en grupos de calquera tipo.
- traballas en equipo e/ou organizacións sociais.
- queres mellorar a participación na túa organización.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

- queres aprender a xestionar os conflitos grupais.
- queres explorar outros xeitos de relacionarte contigo mesmo/a, cos/as demás e coa túa contorna.

► obxectivos

A vocación deste curso é contribuir ao cambio de paradigma nas relacións humanas, formando persoas que coñezan e integren na súa práctica diaria a revolución que supón aprender a traballar en grupo. O obxectivo principal é que o/a estudiante tome conciencia dos elementos e dinámicas presentes en calquera grupo, organización ou equipo de traballo+ e adquira as habilidades, ferramentas e coñecementos necesarios para:

- Que o grupo atope rutas claras para chegar á súa misión, visión e obxectivos.
- Mellorar a comunicación entre os membros do grupo.
- Ampliar a participación e a eficacia nas asembleas e nos procesos de toma de decisión.
- Incorporar os novos valores do liderado.
- Facer emerxer a sabedoría do grupo.
- Facilitar procesos emocionais no grupo.
- Ser capaz de ver o grupo como un mestre no propio desenvolvemento persoal.



► despois do curso poderás

- Intervir e facilitar nos distintos espazos grupais empregando técnicas e ferramentas axeitadas a

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

cada espazo (reunións e toma de decisións, indagación, sabedoría colectiva e procesos creativos, resolución de conflitos e espazo emocional, e cohesión grupal).

- Ter ferramentas e habilidades para facilitar nun grupo en diferentes contextos.
- Asesorar aos grupos no seu funcionamento e estrutura interna.
- Analizar aos grupos e a súa estrutura dende unha perspectiva sistémica.
- Axudar a ampliar a participación e eficiencia nos grupos nos que interveñas
- Mellorar as túas relacións persoais e o xeito no que participas nos grupos.
- Ter un maior coñecemento de ti mesmo/a e ferramentas para continuar co teu desenvolvemento persoal a partir do traballo con grupos.



► programa

20-22 outubro 2017

Introducción aos procesos grupais. O rol do facilitador/a. César Fernández

Que é un grupo e para que serve un grupo. Factores clave dos mesmos: procesos, estrutura, contextos. Tipos de procesos grupais: xestión do traballo, xestión da información, relacións coa contorna, toma de decisións , xestión emocional, resolución de problemas.... Roles nun grupo. Descripción e definicións. Rol de facilitador/a. Que é a facilitación e cales son as funcións relacionados cos modelos de efectividade grupal.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

1-3 decembro 2017

A comunicación como proceso de aprendizaxe grupal. César Fernández

Estudaranse os elementos que afectan á comunicación nun grupo, os tipos de comunicación e as barreiras da mesma. Hai diferentes paradigmas dende os cales nos comunicamos, que conteñen ideoloxía e intención da comunicación. A comunicación non é neutral e resulta unha ferramenta máis para a aprendizaxe e crecemento grupal. Veremos a importancia de entender os procesos de comunicación que se dan a nivel interno (comigo mesmo/a), con outras persoas e dentro do grupo, incluindo como expresar e recibir críticas. Entenderemos a importancia de escoitar os procesos de feedback e retroalimentación que se dan dentro dun grupo e como traballar cos mesmos dende o rol de facilitador/a.



19-21 xaneiro 2018

Traballar coa diversidade. Liderado e relacións de poder nos grupos. Mireia Parera

Conciencia das dinámicas da diversidade relacionadas coa cultura, xénero, etnia, raza. Facilitar a diversidade interna e externa incluíndo o traballo coas realidades históricas e a diversidade persoal e cultural dos estilos de liderado. Diferentes formas de poder nos grupos, formas de empregalo e diferentes estilos de liderado. Explorar a diversidade dos grupos, como se experimenta tanto a nivel interno, entre as relacións dentro do grupo, e nas interaccións do grupo cara o exterior. A relación do poder e a diversidade e como podemos como facilitadores/as contribuír a que haxa unha maior claridade e consciencia dentro dos grupos acerca da relación entre a diversidade e as relacións de poder.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

16-18 febreiro 2018

Sabedoría e intelixencia colectiva. Verónica Campos

Como axudar a que emerxa o potencial creativo do grupo a través da súa sabedoría e intelixencia colectivas. Experimentaranse diversas ferramentas e metodoloxías para fomentar o verdadeiro diálogo e a participación dentro dos grupos. Analizarase igualmente como axustar canda unha delas aos obxectivos e momentos de cada grupo, e como deseñar esos procesos de creatividade e sabedoría colectiva en todas as súas fases.

16-18 marzo 2018

Do individual ao colectivo. A xestión das emocións nos grupos. César Fernández e Anna Pujol

Exploraremos por que é importante traballar a nivel das emocións dentro dos grupos e organizacións. Como estas interaccionan e inflúen no funcionamento e consecución dos obxectivos dos grupos. Cales son as técnicas, ferramentas e habilidades que como facilitadores/as temos que ter en conta e dominar para poder traballar este aspecto dentro dun grupo. Igualmente practicaranse ferramentas de como prepararse tanto a nivel persoal para xestionar momentos difíciles, tensións ou para ser conscientes dos aspectos que suceden dentro dun grupo ou colectivo de xeito non tan visible, pero que inflúen e danno información do proceso que está a suceder.



27-29 abril 2018

Gobernanza e toma de decisións. Verónica Campos

Neste módulo aportaranse técnicas e ferramentas para unha organización grupal e toma de

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

decisións más efectiva, inclusiva e participativa. Analizaranse o conxunto de procesos, costumes, que ten un grupo e que afecta a como se participa, como se toman as decisións e como se xestiona un grupo ou colectivo. Abordaranse diferentes formas e estratexias neste contexto: consenso, holocracia, sociocracia...

25-27 maio 2018

Resolución de conflictos. Habilidades e Metahabilidades para facilitar en equipos e organizacións.

Conchi Piñeiro

Distinguir as diferentes fases e dinámicas do conflito e aprender a intervir a diferentes niveis, (individual, de relación e grupal). Como soster e estar cómodos/as no conflito que pode xurdir en grupos e organizacións para poder facilitar esas situacións e recoller a parte útil e con potencial creativo que estes procesos teñen para as organizacións, así como atopar intervencións para a súa resolución.



29 xuño - 1 xullo 2018

Creatividade, traballo en equipo e desenvolvemento de proxectos. César Fernández

Coller unha idea ou impulso, crer nela e levala á súa realización. Traballar cos bloqueos, e zig-zags que os proxectos teñen no seu desenvolvemento. Entender mellor o proceso creativo para axudar a que este emerxa no grupo e que a creatividade grupal contribúa a unha maior innovación, capacidade e integración de novas ideas. Igualmente abordarase a importancia de traballar a conexión e cohesión grupal, para facer posible que os procesos de transición e crise inherentes ás entidades e grupos sexan más construtivos, de aprendizaxe e útiles para as persoas que o conforman.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

► estrutura e metodoxía

O curso estrutúrase en torno a 8 módulos de fin de semana de 15 h. cada un, e un traballo persoal entre módulos. O curso é de modalidade semipresencial e certifícase por un total de 150 h., das que 120 h. son presenciais, e 30 h. de traballo persoal titorizado.

- **MÓDULOS:** en cada un dos módulos de 15 h. iremos combinando pequenas explicacións teóricas co traballo persoal, en grupos pequenos e no grupo grande a través de diversas actividades, casos de estudio e a utilización das propias dinámicas do grupo como xeito de aprendizaxe.
- **TRABALLO ENTRE OS MÓDULOS:** os/as estudiantes deberán realizar unha serie de exercicios e tarefas entre módulo e módulo co obxectivo de profundizar nos contidos de cada un deles e sobre os cales recibirán análise posterior do profesorado. Para a súa realización, as persoas escollerán algúns casos prácticos de grupo, entidade ou colectivo para ir construíndo a partir dos contidos de cada módulo, un deseño de intervención e facilitación de xeito transversal ao curso e onde se irán traballando dun xeito práctico e real todos os contidos de cada un deles, tales como: análise do proceso do procedemento de toma de decisións no grupo ou colectivo, como son os estilos de comunicación entre as persoas do grupo, se hai ou non xestión emocional, que conflitos están presentes e como se xestionan, de que xeito está distribuído o liderado, se este e as dinámicas de poder son explícitas ou non, como traballa o grupo o espazo de creatividade e cohesión grupal, etc.



CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

- **GRUPOS DE AFINIDADE:** grupos formados no primeiro módulo, de 3 a 4 estudiantes para apoiarse durante o curso na súa aprendizaxe e no seu traballo persoal entre módulos. Son optativos, e cada grupo decide a súa forma de funcionamento, frecuencia coa que se reúne, etc.

► equipo docente



César Fernández Pérez (Coordinador) IIFAC-E

Licenciado en Ciencias do Mar (UDV). Coordinador do curso anual de Facilitación e Xestión de grupos nas catro convocatorias anteriores (2012-2015). Deseña e desenvolve programas de participación sobre a xestión de recursos naturais e mariños (Maldivas, Galicia, Menorca, etc...). Experto en facilitación e procesos de grupo, realizou cursos de longa duración sobre a facilitación, a resolución de conflitos e múltiples seminarios. Imparte formación e obradoiros sobre estes temas e acompaña a diversos grupos, organizacións e colectivos no desenvolvemento da súa visión, a súa estrutura organizativa, xestión dos momentos difíciles e as tomas de decisións.



Mireia Parera Puigdomènec. IIFAC-E

Licenciada en Ciencias Ambientais. O seu traballo, dende entón, tense desenvolvido no ámbito educativo e social. A partir de 2004 comeza a formarse en facilitación de grupos, xestión emocional de conflitos, distintas técnicas teatrais e creativas, metodoloxías participativas, etc. E dende 2011 estuda a Diplomatura de Traballo de Procesos. Na actualidade dedícase á facilitación no ámbito educativo formal, realizando obradoiros sobre coeducación, en colaboración con Fil a l'Agulla. Facilita tamén varias organizacións como comunidades, cooperativas de traballo, asociacións..na xestión dos conflitos e desenvolvemento da visión e organización interna, toma de decisións, asesoramento metodolóxico en xornadas participativas, etc. Realiza formacións e titorías en todos estes ámbitos, e traballa tamén como terapeuta.


CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións



Concepción Piñeiro. IIFAC-E. Altekio Soc.

É doutora en Comunicación Ambiental, licenciada en CC. Ambientais (UAM,2001) e experta en consumo responsable con enfoque de xénero. Dende 2002 vense formando de xeito continuado e especializada en facilitación de procesos de grupo. Desenvolveu numerosos cursos, procesos participativos, obradoiros como formadora e facilitadora de procesos. Participa en colectivos sociais dende hai máis de 15 anos.



Anna Pujol Villarroya. IIFAC-E.

Licenciada en Ciencias Ambientais por la Universitat Autònoma de Barcelona el 2005. A través da porta da educación ambiental, adéntrase en coletivos situados nos márخenes da sociedade (especialmente xovenes en risco, mulleres e saúde mental) e isto lle permite descubrir a súa pasión polo potencial das persoas e dos grupos. Dende o 2004 adícase a acompañar procesos grupais e individuais (en especial a xestións dos conflitos) e a impartir formación en temas de facilitación. Está a cursar a Diplomatura de Traballo de Procesos co Instituto de Traballo de Procesos e Democracia Profunda e con Think Tank Internacional Deep Democracy Institute (DDI).



Verónica Campos García. IIFAC-E.

Educadora ambiental con 20 anos de experiencia en procesos de participación, educación e comunicación ambiental. Desenvolve a maioría da súa actividade profesional no sector público, dende o 2005-2015 no CEIDA-Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia e na actualidade no Concello da Coruña.

Chega á Facilitación de grupos na procura de novas metodoloxías de intervención social que incorporen unha maior complexidade e pluralidade para conseguir unha maior resiliencia en proxectos colectivos e de participación social. Facilita numerosos grupos e iniciativas de carácter comunitario, social ou político, e interesada na expansión desta disciplina pon en marcha e coordina dende o 2012 esta formación en Galicia.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións



► lugar e enderezo

Enderezo


Castelo de Santa Cruz, s/n (Oleiros, A Coruña)

Horario

Venres: 16 a 20 h.

Sábados: 10 a 14 h. e 16 a 19 h.

Domingos: 10 a 14 h.



► prezo

760 € - curso completo (95 €/módulo)

105 € - módulos independentes (só se restan prazas vacantes)

Prazos de pagamento para o curso completo

300 € - 1º prazo (no momento da apertura do prazo de matrícula).

250 € - 2º prazo (antes do 12 de febreiro de 2018).

210 € - 3º prazo (antes do 23 de abril de 2018).

O prezo inclue

- 8 módulos de formación de 15h./módulo
- Apoio telématico dos titores/as para a realización dos traballos persoais
- Matrícula para gastos administrativos

Unha vez acadadas as 20 persoas inscritas hai posibilidade dalgunha bolsa parcial de axuda ao custe do curso. Se estás interesado/a nesta opción, envia un correo electrónico a formacion@ceida.org. Prazo de solicitude de bolsa: **antes do 30 de setembro**.

Se actualmente es traballador/a por conta aldea recomendamos que consultes se podes beneficiarte das bonificacións á formación por parte da Seguridade Social. Esta é unha xestión que a empresa do alumno/a debe de facer directamente coa Fundación Tripartita (www.fundaciontripartita.org) para a recuperación da cuota que cada entidade ten asignada.

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións

► certificación

Esta formación implica a entrega de certificado do CEIDA-Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Xunta de Galicia, Universidade da Coruña e Concello de Oleiros) e IIFAC-E (Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España) de acreditación do nivel básico na formación de Facilitación de Grupos.

Requirirase a asistencia total dun 75% das horas presenciais e un 75% de asistencia das horas de cada módulo, ademáis da entrega dos traballos persoais.

Esta curso está deseñado en base a un itinerario formativo más amplio en Facilitación de Grupos que acredita o IIFAC-E , Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España, conformando o seu ano base (www.facilitacion.org)

► opinións de alumnos/as de edicións anteriores

“Anoteime coa idea de aprender como traballar nos grupos nos que me integro e decubrín un amplio universo de procesos que están detrás de calquera grupo e que normalmente nos pasan desapercibidos e que son fundamentais para poder entendernos e traballar xuntas. O repetiría sen dúbida e o recomendo a toda as persoas xa que son coñecementos básicos para traballar na transformacion desta sociedade” (Bea, 2012-2013).

“O aspecto que atopei máis enriquecedor da Facilitación foi o enfoque do conflicto como fonte de enriquecemento e o recoñecemento do papel das emocións no espacio grupal. Culturalmente existe a tendencia a evitar, reprimir, obviar, censurar ou alimentar inconscientemente tanto as emocións como o conflicto, polo que foi moi liberador atopar unha perspectiva que daba ferramentas para relacionarse con estos elementos dun xeito máis saudable, coidadoso e ao mesmo tempo edificante”. Raquel (2012-2013).

“Como educadora, a perspectiva da facilitación achegoume a unha concepción mais diversa e complexa dos grupos, aportoume ferramentas metodolóxicas coas que apoiar as miñas intervencións e fixome coprender a importancia do traballo persoal para poder acompañar e apoiar o desenvolvemento grupal de maneira más profunda. Foi un regalo emprender este interesante e complexo camiño de formación e transformacion colectiva”. Andrea (2013-2014).

CURSO BÁSICO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

ferramentas e habilidades para xestionar colectivos, empresas e organizacións



"Facilitación como ferramenta de autoaprendizaxe, claves para comprender a arquitectura interior dos grupos nos que acciono e comparto, dende a familia e comunidade ao activismo ou a bandada coa que traballo nas creacións escénicas. Tamén o macro, os abusos de poder e a resposta terrorista, a inclusividade, ou a xustiza. Pistas para ollar a infancia, ese segundo motor ou proxecto vital: os roles, os conflitos, as voces e os límites, ademais do traballo coas miñas parellas educativas, coxeradoras de universos onde crecer. E, ao fin, para comprender e xestionar mellor o grupo mínimo, o territorio propio, o Eu son". Anxela (2013-2014).

"Que me achegou a min o curso do CEIDA? Uns anteollos novos dende os que ver as relacións (con nós mesmas, coas persoas que nos rodean, cos colectivos aos que nos aconchegamos). Con toda a complexidade, pero tamén con toda a esperanza: reafirmándome en que outros xeitos de facer son posibles, e, con eles, outro mundo é posible tamén". Olga (2014-2015).

"Este curso superou con creces calquera expectativa que puidese terme creado. É unha gran ferramenta de transformación persoal e social. Agradecementos ás facilitadoras polo gran esforzo que fan para desenvolver as actividades e pola eficiencia. Foi un pracer usar estas instalacións, facilitaron moito unha boa atmosfera no grupo e o traballo persoal". María (2014-2015).

"O que máis me gustou foi que no grupo se creou un ambiente de confianza que permitiu abrirse emocionalmente con persoas descoñecidas dunha maneira que eu nunca conseguira". Antón (2015-2016).

"No tenía ni idea de qué era la facilitación hasta que me integré en un grupo que disponía de ella. La diferencia es como la que hay entre el día y la noche. En el curso de facilitación de grupos lo que descubrí fue un estudio, un trabajo y una devoción enormes por mejorar el entendimiento entre las personas". (David, 2015-2016).

► más información e inscripciones

Inicio Preinscripción: 13/07/2017

As prazas son limitadas e se ocuparán por rigurosa orde de inscrición

www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618